

PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN AUDITIVA 2025/2026



CEMU CENTRO DE MÚSICA MODERNA DE PONTEAREAS	CENTROS HOMOLOGADOS E AUTORIZADOS POLA:
CEDA CENTRO DE DANZA DE PONTEAREAS	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

· calle gavián, 2 baixo · calle redondela 13, baixo
PONTEAREAS - Telf: 618 186 137

cdm@cdmgalicia.com · www.cdmgalicia.com

CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas

Índice

1.	Introdución	1
1.1	Marco legal	1
1.2	Características do Centro	3
1.3	Características do alumnado	3
2.	Obxectivos, contidos e criterios de avaliación das ensinanzas musicais	4
2.1	Obxectivos xerais	4
2.3	Contidos	4
2.4	Criterios de avaliación	5
3.	Metodoloxía.....	6
3.1	Criterios metodolóxicos	¡Error! Marcador no definido.
3.2	Métodos didácticos	¡Error! Marcador no definido.
4.	Atención á Diversidade	8
4.2.2	Apoio e reforzo educativo	8
4.2.3	Atención ao alumnado con altas capacidades.....	9
5.	Temas transversais.....	9
6	Tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC's)	10

1. Introducción

A materia de **Educación Auditiva** na especialidade de **Música Moderna** esta baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación realizados polo profesorado de linguaxe musical e ten como obxectivo desenvolver a capacidade de escoitar, identificar e analizar os elementos musicais como o ritmo, a melodía e a armonía, para conseguir unha comprensión musical activa, consciente e expresiva.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir, a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas, a atención a diversidade, e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

1.1 Marco legal

A programación da materia de Educación Auditiva na especialidade de Música Moderna baséase na normativa vixente aplicable ás ensinanzas profesionais de música en España e en Galicia. Téñense en conta os seguintes documentos:

Normativa estatal

- **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)**, modificada pola **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE)**, que establece o marco xeral das ensinanzas artísticas e profesionais de música.
- **Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro**, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en España.
- **Real Decreto 303/2010, do 15 de marzo**, polo que se regula o acceso ás ensinanzas artísticas superiores e os títulos correspondentes.

Normativa autonómica (Galicia)

- **Decreto 198/2007, do 27 de setembro**, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en Galicia.

- **Orde do 29 de setembro de 2015**, pola que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música en Galicia, detallando os contidos específicos de cada materia.
- **Orde do 11 de xuño de 2010**, pola que se regulan os aspectos organizativos, pedagóxicos e de avaliación das ensinanzas profesionais de música en Galicia.
- **Decreto 426/2003, do 30 de outubro**, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de réxime especial en Galicia, incluíndo os conservatorios profesionais.
- **Decreto 223/2010, do 30 de decembro**, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **Orde do 4 de agosto de 2011**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 en canto á organización dos conservatorios profesionais.
- **Orde do 28 de xullo de 2008**, pola que se establecen os criterios de avaliación e promoción do alumnado nas ensinanzas profesionais de música en Galicia, disposta no Decreto 198/2007, do 27 de setembro.
- **Circular 15/2011**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan os aspectos organizativos dos conservatorios profesionais de música en Galicia.

Normativa interna

- **Normativa interna do conservatorio autorizado**, onde se detallan aspectos organizativos específicos, como a distribución horaria, os criterios de avaliación e as metodoloxías didácticas.

1.2 Características do Centro

CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas, un centro especializado na formación de músicos cun enfoque práctico, integrador e adaptado ás demandas actuais do panorama musical. Este centro ten como finalidade ofrecer unha formación sólida e actualizada que prepare ao alumnado para afrontar os retos tecnolóxicos e creativos presentes na música contemporánea. O centro conta con instalacións axeitadas ás ensinanzas musicais. Ao longo destes anos, moitos alumnos prepararon satisfactoriamente as probas de acceso, tanto en música como en danza, para acceder ao ámbito superior. A maiores o centro ten un amplo calendario de actuacións para complementar a formación do alumnado que se realizan tanto dentro das instalacións como en concertos e festivais ao aire libre. O centro ten unha capacidade para acoller uns 180 alumnos de música e 80 de danza.

1.3 Características do alumnado

O alumnado varía a súa procedencia segundo a idade e o curso que realizan. As principais motivacións para o estudo neste centro son: a obtención dun título que lles abra saídas profesionais e que os posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música, a calidade das ensinanzas e a ubicación do centro. O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

O alumnado que cursa estes estudos procede de diferentes especialidades instrumentais e posúe formacións previas diversas, polo que o aprendizaxe está estruturado de xeito flexible, atendendo á pluralidade de niveis e intereses. Esta diversidade constitúe un valor engadido no proceso de aprendizaxe, fomentando a colaboración, a resolución de problemas e o intercambio de coñecementos.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresa a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

2. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación das ensinanzas musicais

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no seu artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade.

2.1 Obxectivos xerais

1. Desenvolver a sensibilidade musical a través da escoita.
2. Desenvolver o oído interno e os seus reflexos na voz e no instrumento.
3. Alentar o afán de escoitar música coa percepción dos detalles, de fraseo, timbre e expresión para poder desenvolver un criterio estético personal no que basear as interpretacións.
4. Recoñecer a gama de intervalos, escalas, acordes, progresión de acordes e ritmos afíns a música moderna e o jazz.
5. Potenciar a memoria como base para a formación do oído interno.
6. Practicar o dictado ritmo-melódico
7. Realización de dictados harmónicos
8. Memorizar e reproducir con boa emisión melodías.
9. Adquirir o hábito do traballo individual diario.

2.2 Contidos

- Intervalos melódicos e harmónicos.
- Triadas e cuatriadas melódicas e harmónicas sin tensións.
- Recoñecer os modos da escala maior así como as escalas menor melódica e menor harmónica.
- Dictados ritmo-melódicos a unha soa voz.
- Realización de dictados harmónicos axeitados o nivel.
- Práctica da memoria musical
- Práctica da entonación como base para o recoñecemento auditivo.

2.3 Criterios de avaliación

- Identificar intervalos melódicos e harmónicos
- Recoñecer as diferentes escalas estudadas.
- Identificar os acordes traballados melódicamente e harmónicamente.
- Reproducción escrita de fragmentos melódicos e harmónicos.
- Entoación dos interválos, arpexios e escalas tratados.
- A calificación do alumno será un 30% o traballo en clase e un 70% a nota do exame.

Medidas de recuperación

Estas medidas serán de aplicación no caso de que o alumno non acadase a cualificación mínima para aprobar por non ter cumpridos os obxectivos mínimos ou por faltar reiteradamente ás clases

No caso de non acadar os mínimos esixibles ou ter faltado ás clases, o alumnado terá dereito a unha avaliación alternativa nos dez días anteriores á avaliación do terceiro trimestre, que será a que o/a profesor/a considere oportuna segundo os diferentes casos

. Os alumnos serán cualificados polo seu profesor ou profesora logo de realizada a proba, proba á que poderán asistir outros profesores do departamento en calidade de observadores coordinados pola xefatura do mesmo, que á súa vez actuará en coordinación coa xefatura de estudos.

O alumnado implicado deberá realizar unha proba teórico-práctica en unha ou varias sesións en datas e horas que se indicarán no momento oportuno.

Dita proba constará de varias partes correspondentes ás distintas seccións de contidos da programación vixente para o presente curso, tendo en conta os obxectivos e criterios de avaliación reflectidos na mencionada programación (dispoñible na páxina web do centro, na conserxería ou solicitándoa directamente á xefatura de departamento).

O alumnado deberá demostrar o seu coñecemento de todos e cada un dos contidos mínimos (tamén reflectidos na programación) do curso correspondente. Procedemento da proba:

O alumnado implicado realizará un ou varios exercicios de cada un dos nos que se divide a materia.

Cualificación do exame da proba ordinaria:

A cualificación outorgada corresponderá a media ponderada da nota obtida en cada un destes apartados (30% entonación e 70% recoñecemento auditivo)

3. Metodoloxía

Na aprendizaxe da música é preciso un continuo entre as vivencias musicais naturais (expresión musical natural) e a presentación constante de novos contidos. A metodoloxía debe ser natural, integral e globalizadora, engarzando de xeito natural coas actividades cotiáns do neno tódolos aspectos da educación musical. Para dar reposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse ás características do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o número de alumnos no grupo, o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte.

3.1 Principios metodolóxicos

Os principios que rixen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** A música se aprende facéndoa. Polo tanto, abordaremos a aprendizaxe da EAV a través dunha metodoloxía activa, en formato de obradoiro. Isto implica colaboración, compartir vivencias, practicar a autocrítica construtiva e fomentar o intercambio de opinións e experiencias.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado na adquisición progresiva de hábitos musicais. ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.
- **Creatividade:** A través da elaboración de material propio, o alumnado irá construíndo o seu propio método, recompilando os resultados das tarefas propostas que en moitos casos consistirán en exercicios de creación.
- **Individualización:** Aínda que EAV é unha materia colectiva, procuraremos ter en conta en cada clase a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.

- Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas: Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- Convivencia: Ó ser EAV unha materia colectiva que require dun continuo traballo en equipo, fomentarse en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- Significación: Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación reais. Para elo, empregaremos o xogo como ferramenta básica que responde ós desexos e curiosidades do alumno e serve ós aprendizaxes significativos.
- Interdisciplinariedade: Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación

3.2 Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- Modelo constructivista: Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- Aprendizaxe significativa: Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realízase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que esto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

- a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.
- b) Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.

c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.

d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.

4. Atención á Diversidade

A atención á diversidade na materia de parte do principio de que cada alumno e alumna ten necesidades, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe diferentes. Por iso, esta programación garante unha ensinanza flexible, inclusiva e adaptada, que promova a equidade e asegure que todo o alumnado poida acadar os obxectivos propostos.

4.1 Principios xerais da atención á diversidade

A programación basearase nos seguintes principios:

- **Inclusión:** Garantir que todo o alumnado poida participar de forma activa e significativa nas actividades analíticas propostas.
- **Persoalización da aprendizaxe:** Axustar os contidos e métodos aos distintos niveis de partida e formas de aprender do alumnado.
- **Flexibilidade metodolóxica:** Empregar estratexias didácticas variadas que favorezan a comprensión das obras musicais desde múltiples enfoques.
- **Equidade:** Promover a igualdade de oportunidades e recursos para que cada estudante poida desenvolver ao máximo as súas capacidades analíticas, musicais e expresivas.

4.2 Medidas de atención á diversidade

4.2.1 Apoio e reforzo educativo

- Itinerarios adaptados para alumnado con dificultades, atendendo especialmente á comprensión auditiva
- Actividades complementarias e sesións de reforzo para consolidar conceptos esenciais.

- Titorías individuais ou en pequenos grupos para reforzar aspectos concretos da materia.

4.2.2 Atención ao alumnado con altas capacidades

- **Asignación de exercicios de maior dificultade adaptados o nivel.**

4.3 Coordinación e seguimento

Para garantir unha atención eficaz á diversidade, realizarase:

- **Avaliación continua e individualizada** para detectar dificultades ou necesidades específicas.
- **Coordinación co equipo docente** doutras materias e co titorado para deseñar estratexias conxuntas.
- **Colaboración co departamento de orientación**, cando sexa preciso, para establecer medidas específicas de apoio.

Con estas medidas, búscase garantir unha aprendizaxe significativa e adaptada que permita ao alumnado desenvolver plenamente as súas competencias no ámbito da interpretación musical, respectando o seu ritmo e estilo persoal de aprendizaxe.

5. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes asignaturas que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación

5.1 Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A educación ambiental tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á educación para a saúde, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto tono muscular. Ademáis, a

música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.

- No referente á educación para a igualdade de sexos, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.
- A educación para a paz e a tolerancia traballárase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A educación para o lecer traballárase a partir do concepto productivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á educación do consumidor trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- Para rematar, a educación moral e cívica procuraremos que o alumnado adquira unha actitude responsable cara á conservación do material, o trato axeitado do instrumental e demais medios materiais e o mantemento da limpeza da aula e do centro.

5.1 Tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC's)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complementa cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

O Departamento de Linguaxe musical conta con dúas aulas equipadas con pizarra dixital que se empregan habitualmente como soporte audiovisual ás explicacións, blogs de clase, para a realización de exercicios interactivos, edición e visualización de partituras, escoita de música e visualización de vídeos, entre outras.

Resultan tamén moi útiles para a realización de actividades de reforzo do alumnado na casa, xa que permiten que practique o seu ritmo, sen a supervisión do profesor e, en moitos casos, con corrección inmediata.

O Departamento de Linguaxe musical dispón de recursos propios elaborados por diferentes profesores do Departamento, e que se detallan no apartado de recurso